



ACTA DA 3ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Data: 7 de novembro de 2017

Lugar: Edificio San Caetano, aula D. Santiago de Compostela

Hora de comezo: 11,00 h

Hora de remate: 14,00 h

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez (secretario xeral de Cultura), presidente
2. Natalia Prieto Viso (directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa), vicepresidenta
3. Mª Josefa Piñón López (xefa do Servizo do Sistema de Arquivos), secretaria e vogal
4. Marina García Pita (subdirectora xeral de Arquivos), vogal
5. Mª del Mar García Miraz (xefa do Servizo do Arquivo de Galicia), vogal
6. Gabriel Quiroga Barro (xefe da Sección do Arquivo do Reino de Galicia), vogal
7. Alfonso Cascudo Rasilla, (xefe da Sección do Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra), vogal.
8. Margarita de la Calle Amaro, (analista de Xestión do Rendemento e Calidade da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa), vogal.
9. Carlos Iglesias Patiño, xefe do Servizo de Coordinación e Planificación do Instituto Galego de Estatística, vogal
10. Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, vogal
11. José Luis Castro Carpintero, técnico de arquivos da Deputación Provincial de Pontevedra, en substitución de Alberto González Fernández, Alcalde de Valdoviño, vogal
12. Susana Díaz García técnica de arquivos do Concello de Foz, en substitución de Javier Jorge Castiñeira, Alcalde do Concello de Foz, vogal
13. Rodrigo Silva Poceiro, arquivista do Arquivo Territorial de Xustiza de Pontevedra, da Dirección Xeral de Xustiza, vogal
14. María Aránzazu Potabales Santomé (Subdirección Xeral de Coordinación e Relacións co Consello de Contas), vogal, en substitución de Ana Fonte Bouza
15. Mª Isabel Novo Castro, letrada da Asesoría Xurídica de Cultura.
16. José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, (xefe do Servizo do Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña)

Ausentes

Xustifica a ausencia Mª José García Sexto, directora da Área de Modernización das Administracións da AMTEGA.

Orde do día

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da 2ª sesión ordinaria do Consello de Avaliación Documental de Galicia
2. Informe de actividade dos grupos de traballo
3. Informe da tramitación dos estudos ditaminados polo consello, resolución e publicación das táboas
4. Informe sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración autonómica:
 - 1) Expedientes de concesión de pensións non contributivas
 - 2) Documentos de identificación bovina
 - 3) Expedientes de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta
5. Informe sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración local:

De deputacións provinciais:

 - Libros de actas do Pleno da Deputación provincial
 - Libros de actas da Comisión de Goberno da Deputación provincial
 - Libros de actas da Comisión Xestora da Deputación provincial
 - Libros de acordos da Comisión de Goberno da Deputación provincial
 - Libros de actas da Comisión Permanente da Deputación provincial
 - Libros rexistro de entrada de documentos da Deputación provincial
 - Libros rexistro de saída de documentos da Deputación provincial

Dos concellos:

 - Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana
 - Libros de actas do Pleno do Concello
 - Libros de actas da Comisión de Goberno do Concello
 - Libros rexistro de entrada de documentos do Concello
 - Libros rexistro de saída de documentos do Concello
6. Informe sobre as propostas de avaliación da serie documental do Consello de Contas de Galicia: documentación contable e xustificantes de gasto da Conta Xeral da Administración autonómica
7. Rolda de intervencións

Deliberacións

O presidente da a benvida a Aránzazu Portabales Santomé, vogal designada pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia en substitución de Ana Fonte Bouza.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da 2ª sesión do Consello de Avaliación Documental de Galicia

Con respecto ao borrador da acta da sesión anterior fanse as seguintes puntualizacións:



- Incluir o punto 6 da orde do día: Informe sobre o formulario normalizado para elaborar as táboas de avaliación documental e o seu extracto.
- Substituír no punto 8 a referencia “datos sensibles” por “datos especialmente protexidos”, segundo a lei de protección de datos.
- Incluir en acta o desacordo manifestado polo representante do Instituto Galego de Estatística en relación co valor informativo asignado á serie Expedientes de prestación por fillo a cargo, establecido como escaso, así como a súa consideración respecto a mostraxe establecida no estudo, que lle parece insuficiente.

2. Informe de actividade dos grupos de traballo

- Grupo de Traballo da Administración autonómica

O grupo, coordinado por Mar García Miraz, constituíuse o día 16 de maio de 2017 e abordáronse os seguintes asuntos:

1. Posta en marcha e funcionamento do grupo
2. Procedemento de avaliación
3. Metodoloxía e documentos de traballo
4. Programación das actividades

- Grupo de Traballo de Administración Local

O grupo de traballo, coordinado por José Luis Castro Carpintero, reuniuse en dúas ocasións:

1ª reunión o día 15/5/2017, de constitución, tratáronse os seguintes temas:

1. Posta en marcha e funcionamento de grupo
2. Procedemento de avaliación, metodoloxía e documentos de traballo
3. Programación de estudos a realizar.
4. Valoración dos estudos presentados polo Arquivo Municipal de Ferrol e a Deputación Provincial de Pontevedra
5. Propostas de valoración a presentar no seguinte Consello de Avaliación documental

2ª reunión: 4/7/2017, na que se deliberou sobre os estudos propostos para presentar ao Consello de Avaliación. Decidiuse levar ao consello os estudos das series que teñen acordo unánime dos arquivistas do grupo.

Proponse nomear a Carmen Molina, xefa de Sección do Arquivo da Deputación Provincial da Coruña como membro do grupo de traballo.

Recibíronse un total de 27 series documentais no grupo de traballo.

- Grupo de Traballo de órganos estatutarios e Consello Consultivo de Galicia:

O grupo, coordinado por Carmen Moreiras Plaza, constituíuse na reunión do día 27 de xuño. Informa que previamente tivo lugar unha sesión de traballo coas arquivistas do Consello de Contas para

examinar e debater sobre a proposta de avaliación aprobada polo Pleno do Consello de Contas sobre o Diario de Operacións e xustificantes de gasto. Chegouse á conclusión de que aínda que non teñen os expedientes completos, esta documentación poderá servir para completar a serie de gastos contables da Xunta de Galicia na que está pendente de aprobación a súa proposta de avaliación.

3. Informe da tramitación dos estudos ditaminados polo consello, resolución e publicación das táboas

O presidente informa sobre as táboas de avaliación que foron aprobadas polo conselleiro para a súa publicación no DOG. Son as referidas ás seguintes series documentais:

- Expedientes de axudas do Fondo de Acción Social
- Expedientes de axudas a familias con fillo menor a cargo
- Expedientes de rexistro de contratos laborais

Tendo en conta o exposto no punto anterior sobre o desacordo manifestado polo representante do Instituto Galego de Estatística respecto á serie documental dos expedientes de axudas a familias con fillo a cargo, acórdase non publicar a táboa correspondente en tanto non se revisen os aspectos sinalados.

Ponse de manifesto a importancia das bases de datos a efectos de explotación estatística e a necesidade de consideralas como documentos de arquivo e, polo tanto, xestionadas nun entorno seguro e estable.

Propónse que o IGE revise as porcentaxes da mostraxe proposta nas series documentais antes da súa publicación no DOG

Acórdase

1. Aprobar as series documentais:

Expedientes de axudas do Fondo de Acción Social

Expedientes de rexistro de contratos laborais

2. Revisar a porcentaxe da mostraxe proposta

3. Revisar o estudo Expedientes de axudas a familias con fillo menor a cargo

4. Informe das propostas de avaliación de series documentais da Administración Autonómica

A coordinadora do GT da Administración autonómica expón o seguinte:

Expedientes de recoñecemento de pensións non contributivas: con respecto ao valor xurídico acordase a necesidade de determinar si é substancial ou non mais que establecer un prazo de vixencia.

Con respecto a isto faise fincapé na necesidade de que a unidade xestora participe na realización do estudo, nas propostas de avaliación e selección e que quede constancia disto nos propios estudos.

A representante da Dirección Xeral de Avaliación sinala que no código do procedemento falta a parte correspondente a consellería: BS (650A).

Queda pendente de establecer a mostraxe desta serie.

Documentos de identificación bovina



Apróbase o estudo coa recomendación do representante do IGE de conservar os documentos anteriores ao 2002 mentres non sexan explotados estes datos estatisticamente posto que, con posterioridade a este ano, xa o están.

Expedientes de recoñecemento do dereito a asistencia xurídica gratuíta

Acórdase

Revisar a porcentaxe da mostraxe aplicada segundo as propostas do IGE

Revisar coas unidades produtoras os estudos e completar información sobre as series relacionadas.

5. Informe sobre as propostas de avaliación de series documentais da Administración local

O coordinador do Grupo de Traballo de Administración Local, José Luis Castro Carpintero, explica os seguintes estudos:

- Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.
- Libros de actas do Pleno da Deputación provincial
- Libros de actas da Comisión de Goberno da Deputación provincial
- Libros de actas da Comisión Xestora da Deputación provincial
- Libros de acordos da Comisión de Goberno da Deputación provincial
- Libros de actas da Comisión Permanente da Deputación provincial
- Libros de actas do Pleno do concello
- Libros de actas da Comisión de Goberno do concello
- Libros rexistro de entrada de documentos da Deputación de Pontevedra.
- Libros rexistro de saída de documentos da Deputación provincial
- Libros rexistro de entrada de documentos do Concello
- Libros rexistro de saída de documentos do Concello

Sinala o coordinador que dos libros de actas fixéronse estudos diferenciados, para concellos e deputacións, por tratarse de entidades produtoras diferentes. Son series de conservación permanente nas que é relevante determinar o tipo de acceso e regularizar os prazos de transferencias ao arquivo.

O representante das universidades, José Luis Mínguez-Goyanes, cuestiona a denominación das series por considerar que deberan denominarse “actas” non “libro de actas” e o mesmo respecto ao “libros rexistro de entrada e saída de documentos” que considera deberan denominarse “Rexistro de entrada/saída de documentos” xa que non sempre son en formato libro. José Luis Castro considera que as denominacións utilizadas son as normalizadas, consensuadas e codificadas como tal en todos os arquivos municipais.

Sínálase a necesidade de modificar o produtor das actas do Pleno, xa que figura como tal a Secretaría Xeral pero é o propio Pleno, como órgano de goberno.

Proponse utilizar a información que figura na área de notas correspondente á descrición do procedemento por estar mellor estruturada que o campo propio no corpo do estudo.

Respecto ao acceso aos libros rexistro de entrada e saídas de documentos sinálase que o límite de acceso é o establecido pola lei de transparencia e a da protección de datos.

Proponse facer algunhas correccións na presentación da información para poñer en orde a lexislación e vinculala aos enlaces do texto consolidado.

Acordo:

Apróbanse as series da Administración Local coas correccións propostas.

6. Informe sobre a proposta de avaliación por parte Consello de Contas de Galicia

O Consello de Contas presentou a táboa de avaliación da serie documental “Documentación contable e xustificantes de gasto da Conta da Administración. A táboa propón a eliminación total aos 15 anos da súa rendición, isto entra en contradición co estudo elaborado no Arquivo de Galicia que propón a súa conservación.

Está serie está relacionada cos expedientes de gasto que xa se presentaron na sesión anterior deste Consello pero a proposta non se aprobou.

Arancha comenta que no ano 1999 eliminouse a 3ª copia e queda unha 2ª copia en Xumco.

A partir do ano 2000 a Intervención queda cunha copia, pero é máis completa que a copia do xestor. Moitas veces hai que acudir a esta copia da Intervención porque non hai copia nos xestores.

Dende o ano 2001 os documentos contables están automatizados en Xumco2. Ten unha base de datos detrás que avala esta información.

Acordo:

Presentar un informe facendo unha valoración conxunta da serie da Xunta de Galicia e do Consello de Contas de Galicia.

7. Rolda de intervencións

Insístese na necesidade que as propostas cheguen ao Consello de Avaliación Documental validadas polas unidades produtoras e no envío dos estudos aos membros do consello coa anticipación suficiente para poder presentar as alegacións ou suxestións pertinentes.

Proponse a creación dun Grupo de Traballo de Universidades.

En relación coas series xa avaliadas na Universidade da Coruña decídese validalas porque xa estaban consolidadas. En calquera caso, deberán someterse ao consello as propostas de eliminación.

Por parte da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa proponse dar de alta na sede electrónica o procedemento de avaliación e o de eliminación documental.



O representante de universidades, José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, propón o aboamento de axudas de custo en concepto de desprazamento.

Acordos:

1. Modificación da acta da sesión anterior nos termos sinalados no punto 1 desta acta.
2. Revisión da mostraxe das series *Expedientes de axudas do Fondo de Acción Social* e *Expedientes de rexistro de contratos laborais*, aprobadas na sesión anterior
3. Revisión do estudo da serie *Expedientes de axudas a familias con fillo menor a cargo* antes da súa publicación
4. Aprobación da serie da Administración Autonómica *Documentos de identificación bovina* coa consideración indicada polo representante do IGE.
5. Aprobación das series documentais da Administración local:

De deputacións provinciais:

Libros de actas do Pleno

Libros de actas da Comisión de Goberno

Libros de actas da Comisión Xestora

Libros de acordos da Comisión de Goberno

Libros de actas da Comisión Permanente

Libros rexistro de entrada de documentos

Libros rexistro de saída de documentos

De concellos:

Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana

Libros de actas do Pleno

Libros de actas da Comisión de Goberno

Libros rexistro de entrada de documentos

Libros rexistro de saída de documentos

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 13,47 horas.

A secretaria



M^a Josefa Piñón López

Vº e Prace

O presidente



Anxo M. Lorenzo Suárez